

Polifenois, a solución natural para os produtos de hixiene

Phytogrape é unha gama de produtos hixienizantes de orixe natural con polifenois, que serven para darlles solución ás necesidades de hixiene e coidado de animais en granxas, co obxectivo de obter a mellor produción e aumentar o benestar animal.

Parece increíble que uns ingredientes activos que se extraen da uva de albariño, mediante procesos sustentables e utilizando compoñentes naturais compatibles coa industria veterinaria, axuden ás defensas dos animais, pero así é.


A gama de produtos xurdiu dunha colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Savelo, fabricante galego homologado pola Dirección Xeral de Sanidade Veterinaria de España (N.º HCM-008), e está protexida por patentes a nivel internacional. Son produtos naturais que destacan polas súas capacidades antioxidantes e antibacterianas, cunha clara actividade antimicrobiana fronte a *Escherichia coli* e *Staphylococcus aureus*, certificada polo Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da USC. Son aptos tamén para gandería ecolóxica.

Ademais, en 2019 Phytogrape resultou galardoada na Feira Internacional de Gandería de Zaragoza (Figan) coa distinción Mellora Técnica 2019.

Son datos que avalan as virtudes desta gama de produtos 100 % naturais, libres de desinfectantes sintéticos, que funcionan na protección e coidado dos tetos e, por tanto, na prevención de enfermidades como a mamite, mellorando o benestar e o manexo.



- **Ubrefoam:** espuma activa seca *predipping* para o lavado e coidado dos tetos. Emprégase mediante copa aplicadora e débense mergullar completamente os tetos. É necesario deixar actuar durante 30 segundos e retirar os restos con papel para ubres. Convén destacar a eficacia desta espuma para a escasa cantidade de produto que supón a súa aplicación, segundo subliña o fabricante. Está indicado para vacas, ovellas e cabras.
- **FreeGreen:** solución *postdipping*. Úsase en copa aplicadora. Hai que mergullar dúas terceiras partes dos tetos e crear unha capa protectora, máis espesa na parte baixa do teto, pero sen goteos. Ademais, ten efecto repelente de insectos. Está indicado para vacas.
- **PoliGreen:** solución *postdipping* para robots. Pode empregarse mediante pulverización de pistola ou automática. Tamén con copa aplicadora, mergullando as dúas terceiras partes dos tetos. Igual que o anterior, ten efecto repelente de insectos. Está indicado para vacas, ovellas e cabras.



CONOCE PHYTOGRAPE E PROBA OS SEUS PRODUTOS ◆ www.phytogrape.es

PHYTOGRAPE EN GANADERÍA FARRUCO SC

Santiago Lamas, da Ganadería Farruco SC (Touro, A Coruña), moxe 46 vacas e comezou a utilizar os nosos produtos en maio de 2019. Está a conseguir uns resultados espectaculares.

As sensacións sempre foron moi boas, especialmente en canto á textura do ubre e a saúde dos tetos. “Non atopamos nunca tetos avermellados ao retirar as teteoiras, nin cambios de cor, nin moito menos formación de aneis na base. A textura do teto é a dunha pel sa e protexida”, recoñece o gandeiro.

Os datos de calidade de leite desde que comezou a usar os nosos produtos falan por si sós.


Na táboa 1 podemos ver que a produción de leite aumentou no período entre maio de 2019 e xullo de 2021, as células somáticas estiveron por baixo de 120 e a porcentaxe de vacas afectadas (vacas que tiveron polo menos unha mamite) non só se mantivo por baixo do 5 %, senón que baixou ao 4,5 %.

TÁBOA 1

ANO	RCS	LITROS/VACA	AFECTADAS
2019	119,17	36,06	5,08 %
2020	106,00	36,77	4,86 %
2021	113,43	39,57	4,50 %


Ademais, na gráfica 1 comprobamos a evolución mensual de todas as mamites clínicas que aparecen na súa granxa xunto cos seus tratamentos, cruzando a porcentaxe de vacas infectadas coas células somáticas.

GRÁFICA 1



É sabido que canto maior número de células somáticas, menor produción de leite. Na gráfica 2 vemos como a evolución en produción de leite foi positiva, mentres que a evolución en porcentaxe de infeccións (vacas afectadas) seguiu unha tendencia descendente, movéndose en cifras realmente baixas que cumpren sobradamente os obxectivos (Blowey, Edmondson, 1995). En xullo de 2021 houbo un 2,2 % de vacas afectadas.

GRÁFICA 2



Manuel Ángel Fernández

Consuvel

“As súas características antioxidantes e antibacterianas garanten o mellor coidado para tetos e ubres”



Santiago Lamas

Ganadería Farruco SC

“Notamos menos inflamación e eliminación de gretas nos tetos, o que axuda a un mellor manexo no muxido, ademais de conseguir menos gravidade nas mamites”



En vídeo